

# INSTRUCCIÓN 1 / 2010 DA XERENCIA PARA A XESTIÓN DA CESIÓN DE ESPAZOS

## 1. Introducción

O Consello de Goberno, na súa sesión de 21 de decembro de 2009 aprobou a Normativa para a cesión temporal do uso dos espazos para a celebración de actividades extraacadémicas na USC.

No seu artigo 9 establece que a Xerencia debe ditar as instrucións necesarias para a interpretación e aplicación desta norma, en particular no que se refire ao procedemento de pago da remuneración que corresponda ao persoal da USC pola colaboración na cesión de espazos.

## 2. Remuneracións ao persoal

Procederá pagar ao persoal da USC cando sexa necesaria a súa presenza nos centros ou dependencias con motivo da cesión de espazos, en particular os sábados pola tarde, en domingos ou festivos, nos supostos previstos no artigo 4.c) da Normativa.

O Responsable da Unidade de atención a centros e departamentos ou o responsable do edificio, solicitará a colaboración do persoal, a cal será sempre voluntaria e, de ser posible, rotativa.

Igualmente existirá a posibilidade de gratificar ao persoal que colabore na cesión de espazos, no suposto contemplado no apartado 4.d) da Normativa citada.

Non serán obxecto de retribución adicional os servizos que se presten dentro do horario de traballo habitual, sen prexuízo de que o custe destas actividades sexa repercutido á entidade cesionaria.

## 3. Procedemento

Cando a cesión de espazos se efectúe a unha entidade ou organismo, os responsables de asuntos económicos emitirán a factura por este concepto, indicando os diferentes ítems de acordo coas tarifas establecidas para a cesión de espazos. Os gastos de persoal facturaranse polo seu custe completo. O IVE aplicarase sobre todos os conceptos incluídos na factura.

Nestes supostos, deixarase documentada a cesión do espazo de que se trate, incluso cando, en virtude do establecido no apartado 3 da Normativa, a cesión se faga de xeito gratuíto. Para iso poderá usarse calquera documento no que se faga explícita a aceptación das condicións. Proponse como modelo o que se acompaña como Anexo I

Cando a actividade de que se trate sexa promovida por algún órgano da USC, o custe do persoal e, de ser o caso, dos servizos extraordinarios aos que fai referencia o artigo 4 da Normativa, serán financiados mediante as modificacións de crédito ás partidas contra as que se van facer os pagamentos. No caso das remuneracións de persoal, a partida de destino será "8075-3000-15011 Pas – Complemento por cesión de espazos".

O responsable de asuntos económicos, propondrá á Xerencia, a través do Servizo de Xestión de Persoal, o pagamento do persoal do centro, para o que deberá cumprimentar o formulario que se acompaña como Anexo II. Tamén tramitarán as modificacións orzamentarias para a xeración de crédito nas partidas orzamentarias do capítulo I polas que se vaian pagar as colaboracións e naquelas outras partidas do centro que financian a cesión de espazos. Esta documentación remitirase conxuntamente ao Servizo de Control Interno, quen poderá formular as obxeccións ou observacións que procedan antes da súa tramitación á Xerencia.

Nos supostos en que non fora posible o cobro da factura, as obrigas recoñecidas con cargo a ese dereito deberán ser financiadas polo crédito ordinario do centro. En ningún caso os custes de persoal poden ser superiores ao financiamento que se reciba para esta finalidade.

Este procedemento adecuarase ás automatizacións que a USC leve no ámbito económico no relativo á informatización de formularios e transmisión electrónica da información.



Santiago, 25 de xaneiro de 2010

O XERENTE

Pedro García Moreno



## Anexo I

### FACTURA PROFORMA

NIF da Universidade de Santiago de Compostela	[Destinatario]
ES Q1518001A	

Factura núm.:	
Data:	
NIF:	
Nome:	

De acordo coa Normativa para a cesión temporal de uso dos espazos, aprobada pola Consello de Goberno con data XXX, realízase a cesión temporal que se indica a continuación:

Espazo que se cede (aula, centro, local, etc)		
Días e horario		
Descrición da actividade		
Servizos extras solicitados		
	Importe estimado (base imponible)	
	IVE (16%)	
	TOTAL	

Don / dona \_\_\_\_\_, actuado como representante da entidade arriba indicada, declara coñecer e aceptar as condicións de cesión temporal de uso dos espazos da USC, e comprométese ao mantemento das instalacións cedidas, ao uso para a finalidade acordada, ao pagamento dos importes que a USC lle facture por este concepto, e a eximir de responsabilidade á Universidade de Santiago de Compostela por eventuais danos a terceiros que se poidan ocasionar durante a celebración das actividades acordadas.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo: \_\_\_\_\_

## Anexo II

### PROPOSTA DE PAGAMENTO A PERSOAL DA USC POR CESIÓN DE ESPAZOS

De acordo co establecido na Normativa para a cesión temporal do uso dos espazos (acordo de Consello de Goberno de 21 de decembro de 2009) e coa Instrución da Xerencia 1/2010, procede tramitar a seguinte proposta:

#### Procedencia dos ingresos:

Factura externa { Número  
Data da factura  
Importe

Transferencia de crédito interna { Partida de orixe  
Data  
Importe

NIF	Traballador		Grupo	Núm xornadas / horas traballadas	Tarifa <sup>1</sup>	Total a percibir	Custe Seg.Social	Custe total <sup>2</sup>
	Nome							
<b>TOTAIS</b>								

<sup>1</sup> Tarifas aprobadas co orzamento anual da USC

<sup>2</sup> O custe total da proposta non pode ser superior ao facturado por este concepto ou á transferencia de crédito feita para financiar este custe

Responsable de Asuntos Económicos,

Servizo de Control Interno

Conforme coa proposta  
O Xerente,

Asdo: